MISIÓN, VISIÓN E VALORES DA UNIDADE DE ESCLEROSE MÚLTIPLE



MISIÓN

A Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela é a estrutura organizativa de xestión sanitaria integrada polos centros de asistencia primaria e hospitalaria da área de Santiago de Compostela pertencentes á rede sanitaria pública do Servizo Galego de Saúde. A súa prestación de servizos sanitarios céntrase nas necesidades da cidadanía e fundaméntase na calidade, o desenvolvemento interdisciplinar e integral dos procesos asistenciais e a continuidade asistencial.

A Unidade de Esclerosis Múltiple do Servizo de Neuroloxía desenvolve a súa actividade dentro deste marco, coas seguintes misións:

- Atención integral do paciente con esclerose múltiple, tanto da área sanitaria como doutras áreas ou Comunidades Autónomas, ao ser nomeado centro de referencia do Sistema Nacional de Saúde (CSUR).
- Atención centrada no cidadán con a maior calidade e eficiencias posibles.
- Actualización continua dos seus profesionais e compromiso coa docencia e a investigación.

VISIÓN

A Unidade de Esclerose Múltiple aspira a seguir sendo un referente na especialidade e alcanzar a excelencia clínica na atención a esta patoloxía. Para iso potenciará a accesibilidade e actualizará permanentemente os coñecementos e competencias dos seus profesionais.

VALORES

- Compromiso cos obxectivos do hospital e sentido de pertenza ao mesmo.
- Ética e respecto ás persoas, os seus dereitos e valores.
- Orientación ao paciente para satisfacer as súas necesidades e expectativas.
- Humanidade na atención e respecto polo paciente.
- Procura permanente da excelencia asistencial, docente e investigadora.
- Práctica da medicina baseada na mellor evidencia científica dispoñible.
- Relación entre profesionais baseada en accesibilidade, confianza e transparencia.
- Responsabilidade profesional, corporativa e social.
- Equidade na atención sanitaria.
- Esforzo para a utilización eficiente dos recursos.

Ordenar

Sen agrupar 6

Buscar nesta sección...

Non se atopou ningún resultado asociado

Clasificación

Categorías:

- Público, Cidadanía, Profesionais, Persoal licenciado sanitario, Persoal sanitario diplomado ou técnico, Persoal de xestión e servizos, Investigadores/as
- Temas, Oferta asistencial, Servizos sanitarios, Investigación, Información sobre saúde, Enfermidades crónicas, Formación e Docencia